



Concello de Cuntis

DON MANUEL CAMPOS VELAY, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS, en virtude das facultades que me confire a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,

Visto que se concedeu pola Deputación de Pontevedra, dentro do Plan do Concellos 2018-2019 unha subvención para a execución do proxecto: "Acondicionamento da Escola Infantil de Meira" por importe de 67.476,96€,

Visto o proxecto elaborado polo técnico Martin Pereiras Corzón denominado "ACONDICIONAMENTO DA ESCOLA DE MEIRA" por importe de 110.978,90 euros máis 23.305,57 euros de IVE, aprobado por Decreto de alcaldía de data 28/04/2021,

Constando no expediente informe de secretaría de 29 de abril de 2021 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, así como documento contable de retención de crédito de data 11/03/2021,

Visto o prego de cláusulas administrativas elaborado pola secretaria da Corporación en data 29/04/2021. Visto o informe de fiscalización de 29/04/2021 do expediente de contratación e dos pregos de cláusulas administrativas da Secretaría da Corporación da mesma data,

Aprobado o expediente de contratación e acordada a apertura da licitación por Resolución de alcaldía 293/2021 de data 29 de abril de 2021,

En data 13 de maio de 2021, procédese á apertura do sobre A, das empresas que presentaron oferta, e que son as seguintes:

CIF	Razón social
B70524285	ROIBAS VAZQUEZ, SL
B36147429	CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.
B36431021	NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS SL
A15352735	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA
B94097268	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES SL
B70484811	GROMA OBRAS, SL
B36448728	Construcciones Lemos Martínez, SL
B36563823	ENDENOR, MTTO Y SERVICIOS SL
B70018981	OBRAS GALLAECIA, SL
B94169927	EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, SLU

En data 18 de maio de 2021 procédese a admitir a todas as ofertas presentadas, despois de que ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES SL, GROMA OBRAS, SL, Construcciones Lemos Martínez, SL, ENDENOR, MTTO Y SERVICIOS SL, OBRAS GALLAECIA, SL, EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, SLU subsanaron as deficiencias existentes no prazo habilitado ao efecto.

Polo que se procede á apertura da oferta económica que amosa o seguinte resultado:

EMPRESA	TOTAL OFERTA (IVA INCLUIDO)	REDUCCIÓN DÍAS
Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A.	122.870,28	10





Concello de Cuntis

Construcciones E C Casas S.L.	113.336,09	10
Nature Infraestructuras y Servicios S.L.	112.386,92	10
Construcciones Lemos Martinez S.L.	130.255,93	10
Obras Gallaecia S.L.	117.853,52	10
Groma Obras S.L.	129.812,79	0
Roibas Vázquez S.L.	111.053,26	10
ACEVI S.L.	120.000,00	10
Excavaciones y Proyectos Galicia S.L.U.	118.571,90	10
Endenor Mantenimientos y Servicios S.L.		10

Visto que a empresa Endenor Mantenimientos y Servicios S.L está incurso en baixa temeraria, procédese a requerirle documentación para xustificar a mesma,

Presentada a documentación requirida para a xustificación da temeridade por Endenor Mantenimientos y Servicios S.L, informada de conformidade polo técnico competente e aceptado o informe pola Mesa de Contratación en data 24/05/2021 , procede a puntuar cada unha das ofertas, quedando do seguinte xeito:

OFERTAS LICITADORES	PUNTUACIÓN POR PREZO	PUNTUACIÓN POR REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN	TOTAL PUNTUACIÓN
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.	29	10	39
CONSTRUCCIONES E C CASAS S.L.	54	10	64
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.	56	10	66
CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ S.L.	10	10	20
OBRAS GALLAECIA S.L.	42	10	52
GROMA OBRAS S.L.	11	0	11
ROIBAS VÁZQUEZ S.L.	59	10	69
ACEVI S.L.	37	10	47
EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA S.L.U.	40	10	50
ENDENOR MANTENIMIENTOS Y SERVICIOS S.L.	90	10	100

Á vista de todo o anterior, a mesa de contratación propón a esta alcaldía a contratación dá empresa Endenor Mantenimientos y Servicios S.L por ser a que





Concello de Cuntis

presenta a mellor oferta, relación calidade/prezo,

Feito o requirimento de documentación, e presentada esta o día 28 de maio de 2021,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar Endenor Mantenimientos y Servicios S.L, con CIF B36563823, o contrato de obras denominado "Acondicionamento da Escola Infantil de Meira", por importe de 81.899,30 euros, máis 17.198,85 euros de IVE, ao sela empresa que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, como constan nos antecedentes desta Resolución. Comprometéndose a executar a obra cunha redución do prazo de execución de 10 días.

Segundo.- Dispor o gasto por importe de 99.098,15 euros, con cargo á aplicación 323-62200 do Orzamento municipal para o exercicio de 2021.

Terceiro.- Notificar a Endenor Mantenimientos y Servicios S.L, adxudicataria do contrato, a presente Resolución, indicándolle que a formalización do contrato terá lugar non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á notificación da adxudicación.

Cuarto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do Concello de Cuntis e na Plataforma de Contratación do Estado.

Quinto.- Nomear a Miguel Angel Perez Marquina con DNI 34626344M, COATPO VR 1079, como director facultativo da obra así como coordinador en materia de seguridade e saúde.

Sexto.- O prazo máximo de execución desta obra será de 50 días a contar dende o día da firma da acta de comprobación do replánteo, non sendo susceptible de prórroga, sempre que estea aprobado o plan de seguridade e saúde, e se a Administración autoriza o inicio da obra.

Sétimo.- A firma da acta de comprobación do replánteo non poderá ser superior a un mes dende a data da formalización deste contrato.

Oitavo.- En aplicación do estudo básico de seguridade e saúde, que forma parte do proxecto, o contratista elaborará un plan de seguridade e saúde no traballo no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas no estudo ou estudo básico, en función do seu propio sistema de execución da obra.

Ao tratarse dunha obra contratada polo Concello, o plan, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra (neste caso ao non ser necesaria a designación do coordinador, as funcións que se lle atribúen a este serán asumidas pola dirección da obra), elevarase para a súa aprobación ao órgano de contratación.

En todo caso, respecto do plan de seguridade e saúde nas obras de construción estarase ao disposto sobre este no RD. 1627/1997, do 24 de outubro.

Noveno.- A comunicación da apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente deberá ser previa ao comezo dos traballos e presentarse unicamente polo contratista.

A comunicación de apertura incluirá o plan de seguridade e saúde ao que se refire o artigo 7 do RD 1627/1997.





Concello de Cuntis

Décimo.- Dado que a obra está financiada Deputación de Pontevedra, dentro do Plan do Concellos 2018-2019 o adxudicatario comprométese a colocación do cartel que conteña información acerca da operación, que deberá estar visible durante a execución das obras e o transcurso do período de garantía. O cartel terá que elaborarse por conta do adxudicatario de conformidade co modelo establecido pola Deputación de Pontevedra.

